

Artigo 1. Organización

1.1 DEFINICIÓN

O **Clube Escudería SCRATCH FENE**, en colaboración coa **A.C.R.D.S.SCRATCH GALICIA**, organiza a primeira edición do evento denominado **II RUTA TURÍSTICO-SOLIDARIA DE FERROLTERRA**, que se desenrolará o día 17 de decembro de 2011.

1.2 COMITÉ ORGANIZADOR

Director do evento: ÉDGAR VIGO LÓPEZ	DNI:32691265P
Responsable de Seguridade Vial: ADRIÁN PIÑEIRO RODRÍGUEZ	DNI:32704256G
Secretaria: FÁTIMA AMENEIRO TEIJEIRO	DNI:32681227K
Comisario: BORJA ARDÁ FACHAL	DNI:32708261F

Artigo 2. Descrición

O evento non deportivo consiste nun percorrido para automóviles históricos, de competición e turismos convencionais, coa participación estimada de 50 vehículos e na que se establecerá unha clasificación de regularidade cunha velocidade media inferior a 50 km/h.

Este evento enmárcase nos recollidos no artigo 32 da Sección 3ª do Anexo II do Real Decreto 1428/2003 do 23 de decembro de 2004, Regulamento de Circulación en vigor.

Cunha quilometraxe total aproximada de 180 km, **o evento desenrolarase en estradas abertas ao tráfico normal, e os participantes deberán cumprir, en todo momento, a Normativa de Circulación.** Os vehículos participantes saíran cun intervalo entre eles, tratando de evitar no posible a formación de caravanas durante o percorrido, non obstante, coma **Medida de Sinalización do Evento**, a circulación dos vehículos estará acotada por dous vehículos piloto, coa identificación de dorsal "0" para o que precede a tódolos participantes e coa identificación de "coche basoira" ou "00" para o que pecha o paso de tódolos participantes.

VELOCIDADE PROMEDIO IMPOSTA

A velocidade promedio dos vehículos imposta pola organización será sempre inferior aos cincuenta kilómetros por hora (50 Km/h).

Esta proba de regularidade despútase dacordo có establecido nas Prescricións Comúns para os Campionatos e Copas de Galicia 2011, as Prescricións Comúns para Rallyes de Regularidade e o presente Regulamento Particular da Proba.

Este regulamento foi aprobado pola Federación Galega de Automobilismo o día 17/11/11 de Novembro de 2011.

A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo GA-071-ReC.

A **II RUTA TURÍSTICO-SOLIDARIA DE FERROLTERRA** ríxese polas seguintes normativas, por orde de prelación:

- Regulamento Xeral de Circulación.
- Normativa F.G.A. (Federación Galega de Automobilismo).
- Regulamento Particular do Evento.

Artigo 3. Vehículos Admitidos

Os vehículos admitidos a participar serán os correspondentes ás categorías “E”, “F”, “G”, “H1”, “H2” e “I”, dacordo coa normativa ditada pola F.G.A. e da F.I.A.-F.I.V.A.

- *Categoría E:* Automóbiles construídos entre o 1 de xaneiro de 1946 e o 31 de decembro de 1960.

- *Categoría F:* Automóbiles construídos entre o 1 de xaneiro de 1961 e o 31 de decembro de 1970.

- *Categoría G:* Automóbiles construídos dende o 1 de xaneiro de 1971 e ate unha antigüidade de máis de 25 anos.

- *Categoría H1:* Vehículos preparados para competición, dacordo cós Grupos 1, 2, 3 e 4 do Anexo J de 1981 da FIA e Normativa da F.G.A. para o grupo H1.

- *Categoría H2:* Vehículos preparados para competición, dacordo o Grupo 5, do Anexo J de 1981 da F.I.A. e Normativa da F.G.A. para o Grupo H2.

- *Categoría I:* Automóbiles con menos de 25 anos de antigüidade e calquera outro de interese, a criterio da F.G.A., en canto a conveniencia de inscrición.

CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS PARTICIPANTES

Tódolos vehículos participantes caracterízanse por:

- Pertencer a algunha das categorías establecidas.
- Seguro Obrigatorio de Reponsabilidade Civil en vigor.
- Inspección Técnica de Vehículos (ITV) en vigor.

Os vehículos deberán cumprir as normativas vixentes para a súa circulación polas vías públicas. Antes do inicio da proba, a organización efectuará un control técnico administrativo dos vehículos, no que esixirase, coma mínimo, Permiso de Circulación, ITV e Seguro Obrigatorio do Vehículo (demostrando estar en vigor o pago), así coma o Permiso de Condución do conductor. Os participantes extranxeiros, deberán acreditar a validez do seu seguro e permiso de condución en España. Os vehículos deberán presentar as medidas de seguridade obrigatorias (chaleque, triángulos). Aconséllase levar un extintor de alomenos 1 kg.

Non se autorizará a saída a aqueles vehículos que non teñan ITV e/ou seguro en vigor e a aqueles vehículos que presenten deficiencias técnicas e/ou mecánicas.

Artigo 4. Participantes Admitidos

Admitiranse a participar:

- Coma condutores, todos aqueles pasuidores dun permiso de conducir correspondente á categoría do seu vehículo, válido para o territorio español e (opcionalmente) sexan titulares do Carné ou licenza FGA/FEVA/FPVA/FIVA (obrigatorio para participantes con vehículos da categoría I que aparezan coma exclusivos para competición na documentación do vehículo).

- Coma acompañantes, os maiores de 18 anos e os que atópanse entre 12 e 18 anos, coa autorización paterna ou materna por escrito (supervisarase nas verificacións administrativas) e (opcionalmente) sexan titulares do Carné ou licenza FGA/FEVA/FPVA/FIVA.

Só poderán ocupar o vehículo, os membros do equipo (conductor e acompañante) legalmente inscritos. Os participantes están obrigados, en todo momento, a respetar o código da circulación e o presente regulamento, así coma as instrucións dos membros da organización. ***A non observancia desta ou algunha outra norma pode dar lugar á exclusión do participante, perdendo éste, tódolos dereitos.***

Artigo 5. Verificacións

5.1 VERIFICACIÓNS ADMINISTRATIVAS

Antes da saída, a Organización establecerá unha verificación administrativa que controlará, ao menos, a idade do vehículo, o Permiso de Circulación, ITV e Seguro Obrigatorio do vehículo, así coma, o Permiso de Condución do conductor.

5.2 VERIFICACIÓNS TÉCNICAS

Efectuaranse verificacións ao vehículo, podendo non ser autorizado a tomala saída se, a xuízo do Comité Organizador, non ofrecera garantía suficiente para a súa seguridade de marcha.

5.3 CONTROIS SORPRESA

En calquera momento, durante o transcurso da Ruta, poderán efectuarse controis sobre a legalidade dos equipos participantes.

5.4 VERIFICACIÓN Á ENTRADA NO PARQUE PECHADO

Realizarase á entrada do vehículo no Parque Pechado, unha verificación para comprobar os seguintes puntos:

- Medidas de seguridade obrigatorias (chaleque, triángulos,...)
- Aparellos de medición.
- Publicidade no vehículo.

Artigo 6. Libro de Ruta

O libro de ruta có percorrido, entregaráselle aos participantes antes da saída, o cal, deberán respetar íntegramente, salvo no caso de forza maior, no que o Comité Organizador decidirá a Ruta Alternativa.

Os equipos deberán, baixo pena de exclusión, respetar íntegramente o percorrido indicado no Libro de Ruta, salvo casos de forza maior, a criterio do Comité Organizador, no que tódolos participantes serán puntualmente informados.

Artigo 7. Seguro de Responsabilidade Civil do Organizador

O Clube Escudería SCRATCH FENE, ademáis do seguro que esixirá a cada participante, ten contratado a traveso da F.G.A. un seguro garantindo as responsabilidades civís que poideran derivarse da celebración da proba segundo a Lei 21/2007 R.d: 1507/2008 por un importe de 70.000.000 € para danos corporais e de 15.000.000 € para danos materiais.

A organización non se responsabiliza dos danos ou prexuízos que poidan causarse por parte dos participantes ou os seus automóviles durante o transcurso do evento.

Artigo 8. Pracas e Números

A Organización entregará a cada equipo un número adhesivo que colocarse nas portas dianteiras do vehículo.

A adxudicación do número e a orde de saída, serán a criterio da Organización.

Os espazos xunto ao número, están reservados á publicidade obrigatoria da organización e os participantes non poderán refutar esta publicidade, nen a facultativa que se determine.

Artigo 9. Aparellos de medida

So autorizarse nos vehículos o emprego doutros aparellos de medición suplementarios, segundo o seguinte baremo:

- Sen aparello externo (so os propios do vehículo).

Hándicap 0 – 0 puntos de penalización por control.

- Con aparellos electromecánicos ou mecánicos (retrotip I e II).

Hándicap 1 – 1 punto de penalización por control.

- Con aparellos dixitais:

a) De bicicleta ou semellantes, con visor ou pantalla pequena. So admítense dous por vehículo.

Hándicap 2 – 2 puntos de penalización por control.

b) Terratrip ou semellantes, con visor ou pantalla grande. So admítense un por vehículo.

Hándicap 3 – 3 puntos de penalización por control.

Para a verificación do disposto neste apartado, a organización poderá en calquera momento do evento, efectuar un control sorpresa durante o percorrido ou en calquera dos reagrupamentos.

Non se admiten aparellos denominados táboas electrónicas ou “Pirámides”, ordenadores portátiles, PDA ou calquera aparello informático, estando unicamente autorizado o emprego de calculadoras. ***Non se admite durante a proba o emprego de teléfonos móbiles.***

Artigo 10. Controis

Nas zonas de regularidade, os controis serán secretos e neles, non se poderá nin circular a velocidade moi lenta, nin deter a marcha. Penalizarase tamén a velocidade excesiva en zonas de regularidade e enlaces.

A Organización poderá situar controis visuais de paso, a efectos de comporbar, o cumprimento do disposto acerca de velocidades excesivas ou extremadamente lentas con obxecto de alterar o tráfico na vía correspondente. ***A estes efectos e en caso da observancia de condutas irregulares, poderase amonestar, penalizar e se procede, expulsar do evento, aos presuntos infractores.***

Nos tramos de enlace, haberá controis secretos de paso. Está terminantemente prohibido, calquera tipo de recoñecemento previo do percorrido ou o emprego de “lebres” durante o transcurso da proba. Se un membro da Organización debidamente acreditado, manda deterse a un vehículo participante en calquera parte do percorrido sen previo aviso, éste deberá deterse e en caso contrario, determinaríase a exclusión do mesmo do evento.

Calquera bolsa, maletín, bolso, compartimento,..., que se atope no interior do habitáculo do vehículo, pode ser revisado. Se dita inspección realízase en medio dunha proba de regularidade, significará que no resto da mesma, non se disporán máis controis secretos.

Artigo 11. Cronometraxe

Realizarase ao segundo, despreciando a fracción no treito. Penalizarase un segundo por adianto ou retraso.

Tomarase o tempo ao paso do extremo dianteiro do vehículo polo control secreto.

As chegadas ao control horario realizaranse ao minuto.

Artigo 12. Clasificación

Será gañador quen teña menos penalizacións acumuladas ao paso polos diferentes controis. En caso de empate, consideraranse os que teñan máis ceros nos treitos e de persistir o empate, o que teñas menos puntos no primeiro treito, segundo,...

12.1 TROFEOS E PREMIOS

- Ós tres primeiros da clasificación xeral conxunta.
- Ó primeiro das categorías E, F, G, H1 e H2.
- Ós dous primeiros dos vehículos da categoría I que sexan exclusivos para competición.
- Ós dous primeiros dos vehículos da categoría I que sexan turismos convencionais.
- Ó vehículo máis antigo.
- Ó primeiro vehículo clasificado sen medidor adicional.
- Á primeira escudería clasificada.

Artigo 13. Inscripción

As inscricións deberán formalizarse en persoa, por fax ou correo electrónico a:

Clube Escudería SCRATCH FENE
Estrada da Palma N-210, CP: 15520, Maniños, Fene.
Tfno: 676726260 / Fax: 981360786
Email: edvilo@hotmail.com; fátima@scratchgalicia.org

Banco Etcheverría: 0031 0002 71 1011002103

Para elo terán que cubrir tódolos datos da ficha de inscrición e realizar o pago dos dereitos de inscrición, que fíxanse en:

- Equipo sen socio de SCRATCH GALICIA ou SCRATCH FENE(Conductor-Acompañante): 70 €
- Equipo con socio de SCRATCH GALICIA ou SCRATCH FENE(Conductor-Acompañante): 60 €

A inscrición incluíra a cea para dúas persoas que se celebrará unha vez rematada a Ruta.

Tódolos equipos participantes estarán obrigados a entregar 10 kg de comida non perecedeira para a súa doazón a Cociña Económica de Ferrol.

Non se considerarán inscritos, e polo tanto, non aparecerán na relación provisional de admitidos, aqueles equipos que, aínda tendo remitida a solicitude de

inscripción, non abonasen os seus correspondentes dereitos ou que non realicen a doazón para a Cociña Económica de Ferrol. A organización resérvase o dereito de rechazar calquera inscrición ao seu criterio.

O importe devolverase íntegramente no caso da non celebración do evento, cando a inscrición fose rechazada, ou en caso de solicitude de devolución antes da data de peche de inscricións. Non se devolverá cantidade algunha se solicítase con posterioridade á celebración do evento. Corresponde á Organización a decisión sobre devolucións noutros casos distintos aos contemplados neste apartado.

Artigo 14. Penalizacións

- Por cada segundo de adianto ou retraso en cada control secreto de regularidade: **1 punto**
- Por cada minuto de retraso á hora de tomar a saída do evento: **10 puntos**
- Por cada minuto de adianto ou retraso en cada control horario a partires do minuto ideal de paso: **60 puntos**
- Non pasar as verificación á hora correspondente: **50 puntos**
- Retraso superior a 5 minutos ao paso en calquera control: **300 puntos**
- Por detención voluntaria nun tramo de clasificación denunciada por un cronometrador: **100 puntos**
- Non pasar por calquera dos controis: **300 puntos**
- Estar acompañado dun vehículo de asistencia: **300 puntos**
- Empregar todo instrumento de sinalización para dar ou recibir unha indicación sobre a posición dun posto de control (Ex:teléfono móbil): **300 puntos**
- Pérdida dun dorsal que impida a identificación do participante: **Exclusión**
- Ter un comportamento pouco elegante có organizador ou con outros participantes: **Exclusión**
- Remolque ou transporte do vehículo durante parte do percorrido: **Exclusión**
- Bloquear o paso a outros vehículos ou deixar detido o vehículo de forma que constitúa perigo: **Exclusión**
- Infracción ao código da circulación, denunciada pola autoridade competente: **Exclusión**
- Non obedecer as instrucións da organización: **Exclusión**
- Realizar manobras perigosas ou infrinxir as normas de circulación denunciado por un controlador ou membro da organización: **Exclusión**
- Dar positivo en calquera control de alcoholemia realizado tanto pola autoridade competente coma pola propia organización: **Exclusión**
- Empregar elementos non permitidos coma potátiles, PDA´s ou pirámides, durante o evento: **Exclusión**
- Portar publicidade non permitida no presente regulamento: **Exclusión**

- Abandonar o evento antes de que finalice sen informar telefónicamente á Dirección do evento (tfno: 676726260) por motivos de seguridade dos propios participantes:
Non admisión en futuros eventos organizados por Clube Escudería SCRATCH FENE e por A.C.R.D.S. SCRATCH GALICIA

Artigo 15. Disposición adicional

A interpretación das cláusulas do presente regulamento é potestade exclusiva da organización, a cal, decidirá sobre posibles dúbidas ou controversias derivadas da súa aplicación. Asimesmo, a organización resérvase o dereito de admisión de vehículos e/ou participantes sen necesidade de xustificación algunha e baixo o seu propio criterio.

Artigo 16. Reclamacións

As reclamacións ou apelacións só poderanse realizar por escrito ao finalizar as Seccións e sempre a través da persoa responsable do vehículo 0 e con previo depósito de 100 €, de prosperar dita reclamación, devolverase o depósito.

O Director do Evento.

Asdo: ÉDGAR VIGO LÓPEZ
Escudería SCRATCH FENE